



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Avaliación de Materiais Curriculares	Código	652536008		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	<p>Nesta materia, trátase a importancia dos informes de avaliación dos sistemas educativos e a súa interpretación, así como a análise de materiais curriculares. Reflexionaremos sobre modelos alternativos de ensino-aprendizaxe, así como sobre modelos e probas para avaliar a calidade dos sistemas educativos.</p> <p>Estudiaremos o significado da inclusión educativa como unha forma de responder á diversidade que trascende a perspectiva individual na procura dunha resposta pedagóxica orientada á igualdade de oportunidades a través da implementación da xustiza curricular.</p> <p>Os modelos teóricos que sustentan as prácticas psicopedagóxicas tradicionais son analizados e contrastados co modelo social de discapacidade, que considera as condicións políticas, sociais e educativas que sustentan as diversas interpretacións da acción psicopedagóxica.</p> <p>En consecuencia, traballaranse as estratexias dunha práctica pedagóxica inclusiva e as súas repercusións nos distintos ámbitos da intervención psicopedagóxica</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Interpretar informes de avaliación do sistema educativo.	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8
Contrastar diferentes modelos de análise de materiais curriculares.	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8
Realizar avaliacións de materiais curriculares.	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM6	CM4 CM7 CM8
Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8



Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren esta dimensión	AM9 AM10 AM11	BM2 BM3 BM5 BM6	CM4 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Análise de modelos e probas de avaliación da calidade dos sistemas educativos.	Estándares de calidade e fundamentos epistemolóxicos. Indicadores para a análise dos sistemas educativos. Estándares de calidade baseados en metodoloxías positivistas. Autonomía do profesorado.
Materiais curriculares e novos modelos de ensino-aprendizaxe.	Medios de ensino e medios didácticos. Análise de materiais curriculares. Metodoloxías de investigación e análise de materiais curriculares. Os libros de texto: visión crítica multidisciplinar y transversal.
Xusticia Curricular e inclusión educativa	Factores de desigualdade individual, social e cultural. Acción preventiva e educadora.
Éxito e fracaso escolar	Culturas Silenciadas A construción do éxito e do fracaso escolar A avaliación do éxito e o fracaso escolar: estándares educativos e inclusión. Políticas neoliberais e inclusión educativa
A xénese da anormalidade. Máis alá dos factores psicobiolóxicos	As diferencias de capacidades. Teorías da intelixencia e prácticas psicopedagóxicas derivadas. A Avaliación das capacidades: A influencia dos factores sociais e culturais nos resultados.
Da segregación á integración educativa: Modelos de atención á diversidade e práctica psicopedagóxica	Os fundamentos do traballo psicopedagóxico na Educación Especial segregada.  A Integración escolar como unha crítica práctica da Educación Espeical tradicional.  Modelo deficitario de resposta á diversidade e práctica psicopedagóxica asociada

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C7 C8	2	0	2
Presentación oral	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C7 C8	3	3	6
Discusión dirixida	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C7 C8	5	6	11



Estudo de casos	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C7	3	8	11
Seminario	A9 A10 A11 C4 C7 C8	3	2	5
Lecturas	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C8	0	20	20
Proba de ensaio	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C7 C8	3	15	18
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Terán por obxecto indagar sobre os coñecementos previos e a motivación do alumnado sobre a temática de cada unidade ou bloque temático.
Presentación oral	Presentación dos conceptos chave de cada bloque temático e unidade . Da estrutura e organización dos contidos esenciais. Dos casos, informes e textos sobre os que se desenvolverá o traballo grupal e individual.
Discusión dirixida	Tomando como base as lecturas indicadas no seminario, os casos prácticos estudados ou as indagacións que o alumnado realiza sobre as temáticas previamente fixadas, levarase a cabo unha discusión dirixida que ten como fin construír unha aprendizaxe significativa na que o alumnado revise, cuestione e faga seu o coñecemento.
Estudo de casos	Ten por obxecto relacionar o coñecemento teórico e práctico sobre a problemática da inclusión educativa. Permite analizar aspectos de avaliación diagnóstica e detección, tratamento individualizado e adaptacións do curriculum tanto desde unha perspectiva individual como institucional.
Seminario	Será o núcleo principal da actividade presencial. Búscase unha participación informada do alumnado que se documentará previamente seguindo as orientación bibliográficas facilitadas.
Lecturas	As lecturas máis esenciais serán facilitadas con antelación á realización de cada sesión. O alumnado orientado pola bibliografía facilitada na materia, complementará estas lecturas coas da súa elección, utilizando bases de datos de calidade contrastada. A lectura é indispensable para propiciar unha discusión académica apropiada ao nivel do mestrado.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitude valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Proba de ensaio	Tanto nas sesións de docencia presencial como nas horas destinadas á titoría prestarase ao alumnado a atención personalizada que precise.  A diferenza de titulacións de acceso ao mestrado, pode dar lugar a que certo alumnado requira unha atención curricular e orientación específicas en determinados temas. Facilitaráselle, nese caso, bibliografía complementaria e adaptaranse as actividades a realizar no seminario, en función das necesidades e intereses.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Seminario	A9 A10 A11 C4 C7 C8	Serán tomadas en conta na avaliación:  a) A participación activa do alumnado nos diferentes temas de debate. As aportacións realizadas nas que se pon de manifesto a consulta dos materiais proporcionados ou de pesquisa persoal.  b) A elaboración e análise de casos e a aportación creativa e informada na súa análise e nas propostas educativas de acción pedagóxica	40
Proba de ensaio	A9 A10 A11 B2 B3 B5 B6 C4 C7 C8	Dado que pretendemos favorecer a capacidade de &quot;aprender a aprender&quot;, non podemos caer na contradición dunha modalidade de avaliación incoherente coas metas que orientan este proxecto de docéncia. Se pretendemos fomentar a capacidade de reflexión crítica é preciso que as estratexias e probas de avaliación que promovamos permitan comprobar até que punto se mellorou na capacidade de análise e reflexión crítica sobre as perspectivas teóricas e prácticas que estudamos durante o curso.  Xa que logo, a avaliación terá en conta as seguintes cuestións:  *** De maneira principal, valorara-se a participación nos debates no seio dos grupos e nos debates abertos sobre as leituras realizadas.  ** As aportacións documentais e de investigación persoal realizadas durante o seminario  * A proba de ensaio sobre a temática abordada na matéria. Este ensaio valorará especialmente a forma de argumentar de xeito coherente e coa adecuada fundamentación sobre un tema amplo, que cruza varios dos núcleos e temas desenvolvidos durante o curso. Para a realización deste ensaio pódese utilizar todo o material bibliográfico de que se dispoña e notas persoais.	60

Observacións avaliación



\* Nota: A UDC regula a matrícula de estudantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación informe ao profesorado ao inicio do curso e concerten a maneira na que se desenvolverá o seu proceso de ensino-aprendizaxe.

En xeral, tanto para valorar os traballos, como a participación nos debates e o exame final terase en conta:

? a utilización do coñecemento dispoñible; ? a comprensión das ideas básicas desenvolvidas;? o dominio conceptual; ? a elaboración de ideas; ? a capacidade para relacionar ideas;? a profundidade nas análises e na súa fundamentación; ? a capacidade crítica, e? o estilo propio e a claridade expositiva de esquemas e do seu desenvolvemento.

Dado que pretendemos favorecer a capacidade de "aprender a aprender", non podemos cair na contradición dunha modalidade de avaliación que contradiga as metas que orientan este proxecto de docencia. Se pretendemos fomentar a capacidade de reflexión crítica é preciso que as estratexias e probas de avaliación que promovamos permitan comprobar até que punto se mellorou na capacidade de análise e reflexión crítica sobre as perspectivas teóricas e prácticas que estudamos durante o curso.

Xa que logo, a avaliación constará das seguintes partes:

\*\*\* De maneira principal, valorara-se a participación nos debates no seio dos grupos e nos debates abertos sobre as lecturas realizadas.

\*\* A cualidade dos traballos, aportacións e investigación das prácticas.

\* Proba de ensaio sobre a temática abordada na materia. Este ensaio valorará especialmente a forma de argumentar de xeito coherente e coa adecuada fundamentación sobre un tema amplo, que cruza varios dos núcleos e temas desenvolvidos durante o curso. Para a realización deste ensaio pódese utilizar todo o material bibliográfico de que se dispoña e notas persoais.

En xeral, tanto para valorar os traballos, como a participación nos debates e o exame final terei en conta:

- . a utilización do coñecemento dispoñible;
- . a comprensión das ideas básicas desenvolvidas;
- . o dominio conceptual;
- . a elaboración de ideas;
- . a capacidade para relacionar ideas;
- . a profundidade nas análises e na súa fundamentación;
- . a capacidade crítica, e
- . o estilo propio e a claridade expositiva de esquemas e do seu desenvolvemento.



**Bibliografía básica**

- LEÓN, María José. Y SOLA, Tomás (2018). Liderando investigación y prácticas inclusivas. Granada. Ed. Universtitaria
  - ECHEITA, Gerardo (2017). Educación Inclusiva: Sonrisas y lágrimas. Aula Abierta, nº 46
  - BARTON, Len (2008). Superar las barreras de la discapacidad.
  - CERMI (2016). Derechos Humanos y Discapacidad. Madrid. CINCA
  - BARTON, Len (Comp.) (1998). Discapacidad y sociedad. Madrid. Morata - Fundación Paideia
  - AINSCOW, Mel (2000). Funcionamiento de las aulas inclusivas. Madrid. Narcea
  - GIMENO SACRISTÁN, José (Comp.) (2010). Saberes e incertidumbres sobre el currículum. Madrid. Morata
  - SLEE, Roger (2012). Una escuela extraordinaria. Exclusión, escolarización y educación inclusiva. Madrid. Morata
  - TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2012). Justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid. Morata, 2ª edic
  - DADZIE, Stella (2004). Herramientas contra el racismo en las aulas. Madrid. Morata
  - DUBET, François (2005). La escuela de las oportunidades ¿Qué es una escuela justa?. . Barcelona. Gedisa
  - FRANKLIN, Barry (1996). Interpretación de la discapacidad. . Madrid. Pomares
  - NÚÑEZ MAYÁN, Mª Teresa (2006). Da segregación á inclusión Educativa. Santiago. Laiovento
  - MORRIS, Jenny (1996). Encuentros con desconocidas. Madrid. Narcea.
  - VLACHOU, Anastasia (1999). Camino hacia una educación inclusiva. Madrid. La Muralla.
  - ECHEITA, Gerardo et al (2011). Orientación Educativa y atención a la diversidad e inclusión educativa. Graó
  - SKLIAR ,Carlos (2017). Pedagogías de las diferencias. Noveduc. Praxis Educativa
  - CALDERÓN, Ignacio y HABEGGER, Sabina (2012). Educación, Hándicap e inclusión. Octaedro
  - ATIENZA, Encarnación (2007). Discurso e ideología en los libros de texto de ciencias sociales. Discurso & Sociedad
- <br />



## Bibliografía complementaria

- ( ) .
- LYNCH, Kathleen; BAKER, John e LYONS, Maureen (2014). Igualdad afectiva: amor, cuidado y justicia. Madrid. Morata -Fundación Paideia
- TOMLINSON, Carol Ann (2005). Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula. Barcelona. Paidós
- STOBART, Gordon (2010). Tiempos de pruebas: Los usos y abusos de la evaluación. Madrid. Morata
- STEINBERG, Shirley R. e KINCHELOE, Joe L. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid. Morata
- NUSSBAUM, Martha C. (2012). Crear capacidades. Propuesta para el desarrollo humano. Barcelona. Paidós
- MCCARTHY, Cameron (1994). Racismo y educación. Madrid. Morata -Fundación Paideia
- LÓPEZ SÁNCHEZ, Félix (2009). Las emociones en la educación. Madrid. Morata
- KINCHELOE, Joe L. e STEINBERG, Shirley R. (1999). Repensar el multiculturalismo. Barcelona. Octaedro
- GUTMANN, Amy (2001). La educación democrática: una teoría política de la educación. Barcelona. Paidós
- GIROUX, Henry A (2003). La inocencia robada. Juventud, multinacionales y política cultural. Madrid. Morata
- GIMENO SACRISTÁN, José (2003). El alumno como invención. Madrid. Morata
- GARDNER, Howard (1993). La educación de la mente y el conocimiento de la disciplinas. Lo que todos los estudiantes deberían comprender. Barcelona. Paidós
- FOUCAULT, Michel (1982). Vigilar y castigar. Madrid. Siglo XXI, 3ª ed.
- EPSTEIN, Debbie e JOHNSON, Richard (2000). Sexualidades e institución escolar. Madrid. Morata - Fundación Paideia
- ARNOT, Madeleine (2009). Coeducando para una ciudadanía en igualdad. Madrid. Morata
- APPLE, Michael W. e BEANE, James A. (Comps.) (2005). Escuelas democráticas. Madrid. Morata, 4ª ed
- APPLE, Michael W.; AU, Wayne e GANDIN, Luís A. (Comps.) (2011). Educação crítica. Análise internacional. Porto Alegre, Brasil. Artmed
- ADORNO, Theodor W. (1998). Educación para la emancipación. Madrid. Morata
- ZIZEK, Slavoj (2007). En defensa de la intolerancia. Madrid. Sequitur
- WRIGLEY, Terry (2007). Escuelas para la esperanza. Una nueva agenda hacia la renovación. Madrid. Morata
- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2008). Multiculturalismo Anti-Racista. Porto. Profedições
- SPIVAK, Gayatri Chakravorty (2009). ¿Pueden hablar los subalternos? . Barcelona. Museu d'Art Contemporari
- RUDDUCK, Jean e FLUTTER, Julia (2007). Cómo mejorar tu centro escolar dando la voz al alumnado. Madrid. Morata
- AYERS, William e ALEXANDER-TANNER, Ryan (2013). Enseñar, un viaje en cómic. Madrid. Morata
- BAUMAN, Zygmunt (2007). Los retos de la educación en la modernidad líquida.. Barcelona. Gedisa
- PARASKEVA, João (2006). Currículo e Multiculturalismo. Lisboa. Pedagogo
- NUSSBAUM, Martha C (2007). Las fronteras de la justicia. Consideraciones sobre la exclusión. Barcelona. Paidós
- KYMLICKA, Will (2009). Las odiseas multiculturales. Las nuevas políticas internacionales de la diversidad. Barcelona. Paidós
- HABERMAS, Jürgen (1999). La inclusión del otro. Estudios de teoría política. Barcelona. Paidós
- GIMENO SACRISTÁN, José (2012). En busca del sentido de la educación. Madrid. Morata
- FREIRE, Paulo (1993). Pedagogía de la esperanza. México. Siglo XXI
- FRASER, Nancy e HONNETH, Axel (2006). ¿Redistribución o reconocimiento?. Un debate político-filosófico. Madrid. Morata - Fundación Paideia
- FRASER, Nancy (2008). Escalas de justicia. Barcelona. Herder
- CONNELL, Raewyn Connell (2006). Escuelas y justicia social. Madrid. Morata, 3ª ed
- GOULD, Stephen (1981). La falsa medida del hombre. Antoni Bosch editor
- PARRILLA, Ánegeles. SUSINOS, Teresa , GALLEGO, Carmen Y MARTÍNEZ, Begoña (2017). Revisando críticamente cómo investigamos en educación inclusiva. Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, vol 35 (3)
- TORRES, Jurjo (2017). Políticas educativas y construcción de personalidades neoliberales y colonialistas. Ediciones Morata
- NÚÑEZ, María Teresa (2019). El estancamiento de la educación Inclusiva. Revista de Educación Inclusiva, 12, 1pp.67-96



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Débesse facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.&nbsp;Coa intención de promover o compromiso e a responsabilidade na xestión e o uso dos recursos, o alumnado deberá ter en conta procedementos de boas prácticas a nivel ambiental, tales como a entrega dos traballos de xeito telemático a través de plataformas virtuais (fundamentalmente empregaremos moodle e Teams).&nbsp;Uso dunha linguaxe non sexista, inclusiva e respectuosa coa diversidade.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías